

Convocatoria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial para o día 15 de febreiro de 2023.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de febreiro de 2023**, ás 17.00 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2023/7C/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2023.

2. 2023/418Q PRESIDENCIA

Aprobación da actualización e rectificación do inventario de bens da Deputación á data 31.12.2022.

3. 2023/2245L PRESIDENCIA

Aprobación inicial dun novo Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes Paco Paz.

4. MOCIÓNS DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

